

PLAN DIXITAL

IES DE SABÓN

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción.

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES de Sabón

Dirección: Av. Arsenio Iglesias s/n. 15142. Arteixo. A Coruña

Correo: ies.sabon.arteiro@edu.xunta.gal

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/iesdesabon

Etapas educativas: Bacharelato, ESA, Formación Profesional (Ciclos básicos, medios e superior)

Nº de alumnado: 269

Nº de profesorado: 37

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:*

O Concello de Arteixo caracterízase por unha composición rural na maioría das parroquias; por unha moi forte presenza de industrias que se instalan no polígono industrial, en que se atopa o instituto; e pola presenza de núcleos de carácter suburbano debido á súa proximidade á cidade da Coruña, da que é limítrofe.

Tanto o polígono, como o propio Concello están inmersos nun proceso de crecemento e de expansión, atraendo un importante número de inmigrantes á zona.

A composición do alumnado é maioritariamente pertencente ás clases economicamente baixa e media-baixa, de familias de empregados nas industrias do polígono e do sector de servizos, e de familias dedicadas a labores agrícolas. Tamén hai presenza de alumnos de fóra do Concello no Ciclo Superior de Administración e Finanzas e no Ciclo de Actividades Físico- Deportivas no Medio Natural. Outro sector de alumnado é o procedente das zonas suburbanas de Meicende e de urbanizacións de vivendas sociais.

Nos últimos cursos ven aumentando progresivamente o número de alumnos estranxeiros, maioritariamente latinoamericanos e marroquís, sendo este o único instituto da zona educativa que ten oferta específica de educación de adultos.

O feito de que o instituto estea situado no propio polígono industrial favorece o contacto con empresas e institucións en moitos ámbitos, como se detallará máis adiante nos respectivos apartados.

Non obstante parece adecuado sinalar que hai unha grande colaboración destes organismos e do propio concello co instituto, respondendo moi favorablemente ás iniciativas do instituto, o que favorece o desenvolvemento da actividade educativa tanto nos aspectos docentes como nos económicos e de innovación educativa e tecnolóxica.

- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,*

O noso centro conta cunha larga experiencia en programas vinculados coas novas tecnoloxía, como demostra a participación no **Proxecto “Arteixo Innovación”** dende os seus inicios. Inicialmente, no 2003, o proxecto comezou a partires da Fundación Amancio Ortega co Proxecto “Ponte dos Brozos”, e

posteriormente o Concello de Arteixo asumiu a continuidade da iniciativa, que se plasma no actual “Arteixo Innovación”. Dito proxecto permítenos ser moi competitivos a nivel de equipamentos.

O centro anualmente participa no **Plambe**, que implica o manexo de certas competencias dixitais tanto de alumnado coma de profesorado participante.

En numerosas ocasións o centro participa en Programas específicos dentro do **Plan Proxecta**, coma “Protexe o teu medio” ou “Aliméntate ben”, que durante a súa realización implican a necesidade de progresar nas competencias dixitais do alumnado, por exemplo co tratamento informático de datos e mesmo a elaboración de gráficas de resultados.

O centro participa anualmente nun **PFPP**, que habitualmente vai vinculado ao traballo das novas tecnoloxías.

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

Cara o vindeiro curso o presente documento de Plan dixital de centro será un elemento prioritario a ter en conta para a elaboración da PXA, dado que achega información moi valiosa para a determinación dos obxectivos que deberíamos plantexar e mesmo as ferramentas para conseguilo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa en relación co Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

O traballo de redacción do Plan dixital comezou coa participación nun **PFPP** de centro, concretamente cunha liña de traballo específica para a elaboración do Plan dixital.

A temporalización das tarefas concretas a realizar quedou determinada polos equipos **ADIX** formados para asesoramento aos centros. Os documentos solicitados foron entregados na data proposta para cada un deles.

Para as distintas tarefas a completar o **Equipo de dinamización do Plan dixital** do centro realizou **xuntanzas** de traballo semanais, para as que foi necesario un traballo previo de reflexión individual.

Tamén foi importante a participación da Comunidade educativa, especialmente do **Claustro**, que realizou os cuestionarios SELFIE e o TCDD, que serviron para obter a contextualización do centro e determinar obxectivos.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Infraestrutura dixital do centro:** Tanto alumando coma profesorado teñen acceso á rede wifi do centro. Ademais desta conexión wifi, o centro dispón de rede fixa de datos nas distintas estancias.
- **Equipamentos:**
 - Equipo portátil ou tablet por alumno/a e docente.
 - Equipo de son e proxector ou pantalla interactiva por aula e na biblioteca.
 - Equipos fixos para administración, biblioteca e sala profesorado.
 - Taquillas de aula para portátiles de alumnado.
 - 19 equipos para préstamo ao alumnado en situacións desfavorecidas.
- **Servizos dixitais educativos que emprega o noso centro:**
 - Páxina web do centro.
 - Aula virtual.
 - EspazoAbalar.
 - Abalarmóbil.
 - Aplicacións específicas para as distintas ensinanzas (software del “Sol”, KNX, ...)
- **Xestión do mantemento do equipamento do centro:** Dunha banda contamos co traballo do Equipo TIC para as tarefas máis sinxelas e habituais, pola outra, temos un contrato para o mantemento informático do centro cunha empresa especializada.
- **Enlace ao protocolo do centro para xestión de incidencias TIC:**
 - <https://iesdesabon.org/helpdesk/> → [Soporte IES de Sabon](#)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Na seguinte táboa se presenta o **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.			4.2	3	
	Profesorado			3.5	3.7	
	Alumnado			-	-	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.			3.5	2.7	
	Profesorado			2.9	3.4	
	Alumnado			2.8	3.1	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.			4.5	3.5	
	Profesorado			3.9	3.9	
	Alumnado			3.8	3.2	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.			4.5	2.8	
	Profesorado			3.5	3.6	
	Alumnado			-	-	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.			3.9	3.4	
	Profesorado			4.2	4.2	
	Alumnado			3.8	4.1	

F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.			3.3	2.8	
	Profesorado			3.9	3.6	
	Alumnado			3.1	3.6	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.			2.8	2.9	
	Profesorado			3.4	3.4	
	Alumnado			2.9	3.3	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.			3.7	2.6	
	Profesorado			3.3	3.5	
	Alumnado			3.3	3.3	

Test CDD: Presentamos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén a táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	20	24	83.3%
PROVISIONAL	6	8	75%
INTERINO	3	3	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%
DESPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,5	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESA	82.5	Integrador/a (B1)	75.9	Integrador/a (B1)
BAC	83.5	Integrador/a (B1)	77.9	Integrador/a (B1)
F.P	83.4	Integrador/a (B1)	80.3	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	13	40.6%
B1	9	28.1%
B2	8	25%
C1	1	3.1%
C2	1	3.1%
TOTAL	32	99.9%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	No noso centro tanto profesorado como alumnado dispón de equipamento dixital xestionado polo centro.	(BACH) No noso centro non existen suficientes sistemas de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	<p>A dirección do centro apoia ao profesorado para que explore novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado do noso centro ten acceso a posibilidades de DPC no relativo ao ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O noso profesorado procura recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>(FP) O profesorado emprega contornas virtuais de aprendizaxe para avaliar as habilidades do alumnado.</p> <p>O profesorado emprega tecnoloxías dixitais para as comunicacións relativas ao centro educativo.</p> <p>O profesorado participa en actividades formativas individuais organizadas pola administración educativa para a actualización das competencias dixitais.</p>	<p>No noso centro non debatimos sobre as vantaxes e desvantaxes do ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado non emprega tecnoloxías dixitais para favorecer a colaboración entre o alumnado nin fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares.</p> <p>O profesorado non emprega tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>Existen diferencias moi significativas no nivel de competencia dixital do profesorado, cun 40% dos docentes no nivel básico A2 segundo os resultados do TCDD.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>O centro só emprega servizos dixitais educativos corporativos para difundir a información.</p> <p>As familias reciben avisos e notificacións a través da aplicación Abalar Móbil.</p>	(BACH) O alumnado manifesta que non atopa na páxina web de centro toda a información que precisa.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A infraestrutura dixital e a cantidade de dispositivos dixitais facilitan o ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.	A conexión a Internet do noso centro non permite a utilización simultánea e fluída das contornas virtuais de aprendizaxe. Falta de estabilidade do persoal docente.
	LEXISLACIÓN		A lexislación en materia de protección de datos non está adaptada especificamente ao ámbito educativo, o que xera dúbidas de interpretación. A lexislación educativa está suxeita a continuos cambios.
	CONTORNA	O alumnado dispón de acceso a dispositivos dixitais fóra do centro.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	O Concello de Arteixo convoca anualmente dúas liñas de colaboración cos centros para dotación e mantemento de equipamentos informáticos.	As empresas coas que colaboramos non participan no desenvolvemento da estratexia dixital do centro.

3. Plan de Acción

O Plan de Acción terá en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital. Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Nas seguintes páxinas móstranse as táboas elaboradas para cada un dos obxectivos formulados dentro do Plan de acción.

A estrutura das táboas será a mesma en cada un destes obxectivos, presentando información acerca dos indicadores previstos, as accións a desenvolver e mesmo a valoración de seguimento destas accións.

Área/s de mellora: Dimensión organizativa A5. Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso						
OBXECTIVO 1: (1)	Potenciar o coñecemento sobre os dereitos de autor, as licenzas Creative commons e os dereitos de cita.				Acadado	
Responsable:	Rocío Penado				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de profesorado que indican o tipo de licencia, así como a cita nos materiais creados e utilizados.					
Valor de partida: (3)	0% do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea					
Valor previsto e data: (4)	50% do profesorado indica a licenza nos materiais que utiliza ou crea			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Curso para o profesorado sobre dereitos de autor, licenzas CC e dereito de cita.	Coordinador TIC	30/06/2023	Aula virtual do centro. Relator Externo CFR.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Emprego de recursos educativos abertos por parte do profesorado.	Coordinador aula virtual + PROFESORADO IMPLICADO.	30/06/2023	Aula virtual e acceso a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Dimensión Pedagóxica E. Pedagogía, apoios e recursos						
OBXECTIVO 2: (1)	Ampliar o uso da páxina web do centro				Acadado	
Responsable:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	A páxina web acada unha boa valoración por parte da Comunidade Educativa, resultando útil e cómoda na navegación.					
Valor de partida: (3)	Valor obtido na cuestionario Selfie (3,6/5)					
Valor previsto e data: (4)	Chegar a unha valoración de 4/5 na seguinte cuestionario Selfie (ou enquisa propia)			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Realizar alomenos unha publicación ao mes na páxina principal do centro	Xefatura de estudos	30/06/2023	Páxina web e acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Realizar alomenos unha publicación mensual na web do centro por parte do 50% dos departamentos	Xefaturas de departamento	30/06/2023	Páxina web e acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Actualizar a documentación que facilite a matrícula do alumnado	Xefatura de estudos	30/06/2023	Páxina web e acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Implementar un sistema de comunicación de incidencias informáticas na web do centro.	Xefatura de estudos	30/06/2023	Páxina web e acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Dimensión organizativa D. Desenvolvemento profesional continuo. B1: Certificación en competencias dixitais.

OBXECTIVO 3: (1)	Aumento na competencia dixital do profesorado	Acadado
Responsable:	Xefatura de estudos	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Melloría a final de curso en relación aos resultados do TCDD anterior.	
Valor de partida: (3)	Un 40,6% do profesorado está no nivel A2	
Valor previsto e data: (4)	Un 60% do profesorado acada unha valoración correspondente ao nivel B1	30/06/2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Dotar dun espazo virtual a todas as materias ou módulos.	Coordinador/a aula virtual	30/06/23	Aula virtual e acceso a internet		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Empregar Abalar Móbil por parte da comunidade educativa.	Titorías	30/06/23	Acceso a internet		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Realizar accións formativas internas para adquisición de competencias dixitais básicas do profesorado	Coordinador/a aula virtual	31/12/22	Ordenador e acceso a internet		Realizada
					Aprazada
					Pendente
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Dimensión pedagóxica F6. Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares.

OBXECTIVO 4: (1)	Fomentar a realización de traballos colaborativos entre o alumnado	Acadado
Responsable:	Equipo directivo	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	A final de curso finalízanse 4 experiencias de traballo colaborativo interdisciplinar.	
Valor de partida: (3)	Non hai experiencias actualmente.	
Valor previsto e data: (4)	Acádanse as 4 previstas.	30/06/2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Creación dos grupos de traballo interdisciplinares para deseñar os proxectos	Docentes	23/12/22	Equipamento de aula, ordenador e acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Realización dos traballos para levar a cabo os proxectos.	Docentes	30/04/23	Equipamento de aula, ordenador e acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Publicar e/ou compartir os proxectos realizados	Docentes	30/06/23	Equipamento de aula, ordenador e acceso a internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Dimensión organizativa A1. Estratexia dixital							
OBXECTIVO 5: (3)	Establecer un equipo de profesorado (EPD) para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro (PDC)					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de persoas implicadas no EPD						
Valor de partida: (3)	Equipo directivo e coordinadora TIC						
Valor previsto e data: (4)	20% do claustro de profesores/as				30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO5.1: Reunión do claustro e CCP para explicar a importancia do PDC	Equipo directivo	Setembro 2022	Convocatoria do claustro e da CCP e normativa		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.2:Motivar ao profesorado a colaborar concedendo unha hora de reunión semanal aos membros do PDC	Equipo directivo / Inspección	Setembro 2022	Visto bó da inspección		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO5.3: Creación dun grupo de traballo / PFPP sobre novas modalidades de ensino en relación a dixitalización na aula virtual. Creación de contidos dixitais. Dereitos de autor, etc.	Equipo directivo / Coordinador PFPP	1º trimestre	CFR FProfe Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dada a casuística actual do noso centro non se detectan necesidades de equipamento ou infraestruturas que necesiten ser solicitadas a AMTEGA.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o seguinte:

*- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. O instrumento a empregar para dita avaliación será unha “Táboa de cotexo”.*

*- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.*

5. Difusión do plan

*A difusión do noso Plan dixital comeza coa presentación ao **Claustro** do documento final traballado durante o curso. A continuación pasará á súa validación polo **Consello Escolar**.*

*Dende ese momento será trasladado ao resto da **Comunidade Educativa** do centro, principalmente coa publicación na **web corporativa** de centro e mesmo presentando directamente ao alumnado o contido do mesmo por parte das **titorías** ao comezo de curso.*

*Igualmente formará parte dos documentos achegados coa **PXA** de centro para o vindeiro curso.*